



## DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2022

Desde 1992, cada 10 de outubro celébrase o Día Mundial da Saúde Mental por iniciativa da Federación Mundial de Saúde Mental (WFMH) e co apoio da Organización Mundial da Saúde (OMS).

Este ano o lema internacional elixido é "**Facer da saúde mental e o benestar para todos unha prioridade mundial**" xa que, entre outros motivos, as taxas de persoas que experimentan ideas suicidas están a aumentar a nivel mundial e as persoas con trastornos mentais, as súas familias e outras poboacións continúan dicindo que o benestar da súa saúde mental non sempre é unha prioridade para os gobernos, os prestadores de servizos ou a propia sociedade, e o estigma e a discriminación seguen sendo unha barreira para a inclusión social e o acceso a unha atención adecuada. Doutra banda, a pandemia de COVID 19 demostrou que moitos sistemas de saúde non están preparados para facer fronte aos desafíos da saúde física e mental e púxonos fronte a unha encrucillada na que é imperativo tomar o camiño correcto. A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, adoptados no 70º período de sesións da Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 2015, non se poden lograr a menos que fagamos un investimento significativo para mellorar o benestar mental.

Tomando como referencia a liña marcada pola WFMH, o movemento asociativo de SAÚDE MENTAL ESPAÑA elixiu o lema "**Dálle like á saúde mental. Polo dereito para crecer en benestar**" para focalizar a proposta na infancia, adolescencia e mocidade, colectivos cuxa saúde mental é máis vulnerable e que requiren de maiores esforzos. Calcúlase que máis do 13% dos e as adolescentes de 10 a 19 anos padecen un trastorno mental. Os nenos e nenas con trastornos mentais inician o uso de substancias antes e teñen maior risco de desenvolver trastornos adictivos e as taxas de trastornos psiquiátricos comórbidos en mozos tratados por trastornos por uso de substancias son consistentemente altas en todos os estudos. Ademais, os trastornos mentais e por uso de substancias son as principais causas de discapacidade relacionada coa saúde en nenos/as e mozos/as quen, entre 0 e 24 anos, constitúen nada menos que o 49 % da poboación mundial.

Incrementar os recursos para atender as necesidades de prevención e promoción da saúde mental, detección, diagnóstico, tratamento e continuidade de coidados dos trastornos mentais é indispensable, pero tamén é moi importante recoñecer a enorme transcendencia do traballo diario de todas as entidades que, dentro e fóra do marco do PLDA, contribúen na nosa cidade a facer da saúde mental e o benestar para todos e todas unha prioridade mundial.

O Concello de Vigo está totalmente comprometido no obxectivo primordial de promover, protexer e coidar a saúde de toda a cidadanía, especialmente da súa saúde mental, porque debemos ter moi presente que non hai saúde sen saúde mental.

Vigo, 10 de outubro de 2022

Concelleira Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo  
Presidenta do PLDA  
Yolanda Aguiar Castro

Director técnico do PLDA  
Francisco Otero Lamas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/10/2022 15:42	Páxina 1 de 1
2866-315	CSV: A3A6BD-2BCB85-BDC1E7-DBRTCJ-14D4KK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		